

# Novas normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega

## O acordo

O 12 de xullo de 2003 a Real Academia Galega, autoridade competente en materia lingüística para levar a cabo unha reforma ou modificación das normas de uso da nosa lingua, tras un longo proceso de debate e estudo aprobou o que se deron en chamar as "Normas da concordia". Consisten nunha serie de modificacións ao texto anterior, de 1995, coas que se pretende integrar as dúas solucións maioritarias para a codificación escrita do galego, por unha banda o oficialismo que ten a súa institución de referencia no Instituto da Lingua Galega e o reintegracionismo de mínimos representado na Asociación Socio-Pedagóxica Galega. A modo de negociación, a ASPG, o ILG e os representantes dos tres departamentos de Filoloxía Galega das tres universidades do país elaboraron un texto que recolle este acordo e presentárono como proposta á Real Academia, que o aprobou con pequenas modificacións.

O acordo normativo supón unha paz lingüística entre os axentes que máis estaban a traballar a prol da lingua e crea unha unidade integradora no proceso de normalización do galego. Pola súa vez, supón un esforzo de aprendizaxe e renovación de contidos para todos os usuarios da lingua, esforzo que tentaremos minimizar explicando e aclarando as cuestións máis relevantes que mudaron desde a anterior proposta.

Existen dous tipos de mudanzas atendendo á especificación de uso que se fai no novo texto: mudanzas obrigatorias e mudanzas opcionais. Nas primeiras suprímese a proposta anterior e engádese unha nova, as segundas deixan aberta a escolla entre unha ou outra opción, tendo unha ou outra a mesma validez, malia que o texto das propias normas dá implicitamente prioridade a unhas sobre outras.

### 1. Mudanzas obrigatorias

A aplicación dunha nova normativa supón un cambio integral ou parcial nalgunhas palabras, terminacións ou usos de certas construcións por considerárense as anteriores incorrectas. Son as seguintes:

#### 1.1 A acentuación

A acentuación de interrogativos que introducen cláusulas interrogativas indirectas só é obrigada cando se poidan producir ambigüidades.

Dime que queres/ Dime qué queres.

#### 1.2 Grupos consonánticos cultos CT e CC

Suprímese a primeira consoante do grupos cando os preceden as vogais -i- ou -u-: condución, conduta, conduto, condutor, conflito, contrución, construtivo, construtor, dicionario, ditame, ditadura, estrito, estrutura.

Mantense o grupo nalgúns tecnicismos e palabras cultas como: edicto, dicción, convicto, convicción, ficción, ficticio, invicto, pictórico, succión, veredicto.

Algunhas palabras perden o c pero vocalizándoo en u ou en i: doutor, doutoramento, doutrina; reitor, reitorado, reitoral, reitoría; seita (pero sectario, sectarismo); suxeitar e suxeito.

### 1.3 Sufixos e terminacións

#### 1.3.1 Sufixos en -ZO, -ZA

Auméntase a lista de palabras con estas terminacións: diferenza, espazo, estanza, (estrofa), graza, licenza, nacemento, novizo, perseveranza, presenza, querenza, sentenza, terzo, servizo.

#### 1.3.2 Sufixos masculino -ÁN feminino -Á e masculino -ÓN feminino -OA

Adáptanse ao modelo -án/-á as seguintes formas: afgán, alazán, alemán, barregán, bosquimán, capitán, catalán, ermitán, escribán, gardián, musulmán, rufián, sancristán, sultán e truán.

Seguen o modelo -ón/-oa todas as palabras en que -ón non funciona como sufixo aumentativo ou deverbais pexorativo: anfitrión, bretón, campión, ladrón, león, patrón, saxón, teutón. Pero mullerona, casona, abusona, acusona, preguntona.

#### 1.3.3 Terminacións -EU, -AU e -O

Engádense á lista de palabras rematadas en -eu: chapeu, romeu e xubileu.

Engádense á relación de palabras en -au: bacallau e pau.

Engádense á lista de palabras en -o: tribo e ímpeto.

### 1.4 O verbo

A acentuación das primeira e segunda persoa de plural de pretérito de subxuntivo pasa a ser esdrúxula: \*cantasemos, cantásemos.

### 1.5 Pronomes demostrativos

Elimínanse as formas do pronome demostrativo neutro \*esto,\*eso,\*aquelo sendo só válidas isto, iso, aquilo.

### 1.6 Adverbios e locucións adverbiais

Engádense á lista: alén e aquén (lugar)

Elimínanse: \*entoces (tempo), \*alomenos (cantidade e precisión)

Escríbense xunto: acotío, decontado, decontino, decotío, deseguida, deseguido, enseguida (tempo); apenas (cantidade e precisión); amodo, devagar (tempo); talvez (dúbida).

### 1.7 Preposicións e locucións prepositivas

Engádense: a respecto de, alén de, após, aquén de, até, canto a.

### 1.8 Conxuncións e locucións conxuntivas

Engádense: no entanto, porén (adversativas); até que (temporais).

Elimínanse: \*unque, \*nembargantes, \*sen embargo (adversativas); \*unque (concesiva); \*entonces (consecutiva).

Escríbense xunto: apenas, decontado que, deseguida que (temporais).

### 1.9 Numerais

Fanse regulares os numerais entre vinte e trinta, escríbense separados: vinte e un, vinte e unha, vinte e dous, vinte e dúas...

Elimínanse as formas \*triple e cuádruple só son válidas as formas tripla, triplo e cuádrupla, cuádruplo.

## 1.10 Pronomes

Engádesse a forma cuxo ao paradigma dos relativos posesivos, este pronome ten flexión xenérica así teremos as formas: cuxo, cuxa, cuxos, cuxas.

## 1.11 Léxico

Modifícase a forma dalgúns termos: \*estudio e a súa familia pasan a estudo; grazas substitúe a \*gracias; \*vocal –nome de letra e integrante da directiva dunha organización- pasa a ser vogal e admítese a forma Galiza.

## 2. Mudanzas opcionais

Baixo este epígrafe tentaremos explicar os cambios que introduce a nova norma deixando a elección do usuario a escolla entre unha ou outra opción. En moitos dos casos son opcións que xa existían no anterior texto que pasan a seren tratadas como iguais sen suxerir ou recomendar unha ou outra escolla.

O DLG, atendendo a criterios lingüísticos e de tradición de uso dentro dos textos emitidos polo Concello de Santiago, propón uns criterios de escolla que pretenden harmonizar e dar coherencia aos textos producidos pola institución municipal.

### 2.1 O artigo

#### 3.1.1 A segunda forma do artigo

A segunda forma do artigo pasa a ser obrigatoria unicamente tras a preposición por e despois do adverbio u: polo, pola. ¿U-lo meu chapeu?.

Nos casos restantes é opcional o seu uso, o DLG propón non utilizar a segunda forma do artigo agás nos casos en que é obrigado.

#### 2.1.2 Contraccións

A contracción de artigo masculino e preposición a ten dúas solucións, ó e ao, as dúas igualmente válidas. Escollemos representar esta contracción como ao porque así se fai no texto das normas e porque o seu uso está moi estendido nos textos do Concello.

Por coherencia co resto das escollas non marcaremos a contracción do artigo coa partícula comparativa ca entón non usaremos as formas có,cás, cós, cás e si estoutras ca o, ca a, ca os, ca as.

### 2.2 Sufixos e terminacións

#### 2.2.1 Sufixos –BLE/ -BEL

Na nova norma equipáranse as dúas solucións. O DLG propón a utilización do sufixo –bel/ -beis por ser a forma de maior aceptación entre as correntes normativas.

Debemos considerar que a acentuación das formas en –bel como amábel leva til por cumprir a regra xeral de acentuación e o seu plural amábeis lévao por ser unha palabra grave cun ditongo decrecente na última sílaba. Asemade debemos ser consecuentes coa nosa escolla introducindo esta terminación naquelas palabras que deriven dunha primitiva rematada en -bel: amabelmente, establecer, establecemento...

#### 2.2.2 Sufixos –ARÍA/ -ERÍA

Escollemos a forma tradicional en –aría que é a que se recolle na redacción das normas: Concellaría,

perrucaría, consellaría, panadaría...

### 2.2.3 Sufixo –DADE

Incorpórase puberdade ao grupo de palabras con esta terminación.

### 2.3 Signos de puntuación

Os signos de interrogación e admiración pasan a ter un uso obrigatorio só ao remate do enunciado. Malia isto, recoméndase continuar usándoos ao inicio para marcar ben o comezo da cláusula interrogativa ou exclamativa e facilitar así a lectura e comprensión dos textos.

### 2.4 Outros signos

Admítese a utilización do apóstrofo para a notación de títulos de obras ou cabeceiras de publicacións: d'A Nosa Terra.

## **Resumo da proposta do DLG para a harmonización no proceso de implantación d a nova norma**

A proposta do DLG para harmonizar as formas en que cabe unha dupla escolla resúmese así:

- Emprego de ao fronte a ó.
- Restrición o uso da segunda forma do artigo a aqueles casos en que é obrigatorio: coa preposición por e tras o adverbio u.
- Eliminación da contracción do artigo coa partícula comparativa ca.
- Uso do sufixo –aría fronte a –ería.
- Uso do sufixo –bel/-beis.
- Uso dos signos de admiración e interrogación ao principio e ao remate da frase.

Inclúense tamén nesta lista todas aquelas mudanzas obrigatorias comentadas no epígrafe 2 que, como xa se indicou, non teñen escolla posíbel.